

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 14 DE SETEMBRO DE 2015.**

**Alcalde-Presidente:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA

**Secretaria Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Interventora:**


D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

**1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚM. 37 DE DATA 7 DE SETEMBRO DE 2015.**

Acordouse aprobar a acta núm. 37/2015, da sesión ordinaria celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 7 de setembro de 2015 e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

**2.- LICENZAS DE OBRAS.**

**2.1.- Acordouse CONCEDER LICENZA DE OBRA para o acondicionamento dun local para uso de cafetería pastelería na rúa Joaquín Loriga, 3, baixo, Lalín, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 06/08/15 en concepto**



Secretaría Xeral

de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 672,14 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

**2.2.- Acordouse CONCEDER LICENZA DE OBRA para a construción dun muro de contención de terras en Codeseda, 17, Doade, Lalín, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 07/09/15 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 125,00 euros. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.**

### **3.- LICENZA DE ACTIVIDADE.**

**3.1.- Acordouse CONCEDER LICENZA DE ACTIVIDADE Á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA, para Laboratorio Agroalimentario na Finca Mouriscade, sita en Mouriscade, Vilanova-Lalín.**

### **4.- AUTORIZACIÓN PARA O COMEZO DE OBRAS.**


**4.1.- Acordouse CONCEDER AUTORIZACIÓN PARA O COMEZO DAS OBRAS consistentes en ampliación e melloras tecnolóxicas en industria cárnica, sita no polígono industrial de Botos, 13 – Lalín, conforme á licenza de obras outorgada pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 24/03/2014.**

### **5.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.**

**5.1.- Acordouse A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para a canalización subterránea nunha pista de Rocha a Alemparte, Lalín, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 21/07/15 por importe de de 80,41 euros en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe. Asemade consta no expediente o ingreso de 1.000 euros de data 21/07/15 en concepto de fianza.**

### **6.- INFORMES PREVIOS.**

**6.1.- Acordouse aprobar o informe emitido ao efecto polo enxeñeiro técnico municipal de data 4 de setembro de 2015, ao abeiro do artigo 131 do Real Decreto 1955/2000, de 1 de decembro polo que se regulan as actividades de transporte, distribución,**



Secretaría Xeral

comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica respecto ao proxecto para LMTA, LMTS, CTA para **granxa no lugar de Monte Medo en San Martiño , Maceira, Lalín.**

**6.3.- Acordouse aprobar o informe emitido ao efecto polo enxeñeiro técnico municipal de data 4 de setembro de 2015 ao abeiro do artigo 131 do Real Decreto 1955/2000, de 1 de decembro polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministro e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica respecto ao proxecto de liña de media tensión subterránea e centro de transformación compacto na rúa da Romea – Lalín.**

## **7.- EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE.**

**7.1.- INFORME XURÍDICO RELATIVO Á INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE RESPECTO DE ACTIVIDADE DE TROCEADO E ALMACÉN DE MADEIRA EN HERMIDA, 22 – FILGUEIRA - LALÍN (exp. 15/10/U).** Acordouse ordenar a cesación inmediata da actividade descrita, incoar expediente de reposición da legalidade respecto da citada actividade , e conceder aos interesados un prazo de dez días hábiles, durante o que poderán examinar o expediente e alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes na defensa dos seus dereitos.

## **8.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN.**

**8.1.-** Acordouse adjudicar o contrato de subministración denominado “**SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTO DEPORTIVO PARA O LALÍN ARENA**” (CSU022015), á empresa **GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓXICOS, S.L.** por un importe de 22.200,00 €, máis a partida de 4.662,00 € correspondente ao IVE, resultando un importe total de 26.862,00 €, por ser a oferta economicamente máis vantaxosa e que cumpre cos requisitos establecidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Prego de Prescricións Técnicas que rexen esta licitación, tal e como se desprende das actas da mesa de contratación dos días 18 e 26 de agosto de 2015.

**8.2.-** Acordouse adjudicarlle o contrato de subministración denominado “**SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE CONSTRUCCIÓN, PINTURA, SINALIZACIÓN E FERRETERÍA**” (CSU012015) ás seguintes empresas:



**Lote núm. 1:** Sinalización Vial á empresa **BARRERAS DE SEGURIDAD, S.L.**, por unha porcentaxe de rebaixa sobre os prezos máximos establecidos para todos os materiais do lote do 5%.

**Lote núm. 4: Material de Ferretería** á empresa **GALLEGA DE SUMINISTROS INDUSTRIALES 2020 S.L.**, por unha porcentaxe de rebaixa sobre os prezos máximos establecidos para todos os materiais do lote do 4%.

Por ser as ofertas economicamente máis vantaxosas respecto dos lotes indicados e que cumpren cos requisitos establecidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Prego de Prescricións Técnicas que rexen esta licitación, tal e como se desprende das actas da mesa de contratación dos días 18 de agosto e 2 de setembro de 2015.

Acordouse inadmitir as seguintes proposicións:

**Lote núm. 2: Pinturas e accesorios:**

- **CASTRO PARGA, S.L.**, por non presentar a documentación requirida pola Mesa de Contratación.
- **INDUSTRIAS QUÍMICAS GALLEGAS, S.L.**, por non presentar a documentación requirida pola Mesa de Contratación.
- **LOURDES PALLARES VAL**, por presentar a documentación fora de prazo.


**Lote núm. 3: Material de Construcción e Lote núm. 4: Material de Ferretería**

- **ALMACENES CANDA, S.L.**, por non corresponder o obxecto social da empresa co obxecto dos lotes aos cales optaba a licitadora.

Acordouse declarar deserto o lote núm. 3 material de construción e o lote núm. 4 material de ferretería.

## 9.- EXPEDIENTE URBANÍSTICO SANCIONADOR EN ALPERIZ.

### 9.1.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.



Acordouse considerar probados os feitos detallados no expediente, declarar a responsabilidade da comisión dunha infracción urbanística grave, tipificada no artigo 217.3 -apartados a) e b)- da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, consistente no incumprimento das normas detalladas nese artigo e das condicións de edificación establecidas nesa lei para o solo de núcleo rural, e **impoñer** unha multa de **6.001 €**.

### **10.- FACTURAS E CONTAS.**

Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente, tendo en conta o informe da Interventora Municipal de data 14 de setembro de 2015, acordouse aprobar e declarar de abono as seguintes as seguintes relacións de facturas: Relación 1: por importe total de **170.911,83 euros**, e Relación 2 por importe total de **1.100 euros**.

### **11.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.**

**11.1.-** Acordouse proceder á contratación con data 24/09/2015, dos alumnos/as traballadores/as que se relacionan para o Obradoiro de Emprego “PAZO DE LIÑARES”.

**11.2.-** Acordouse proceder á contratación, con data 24/09/2015 da DIRECTORA, a TITORA, o EXPERTO-DOCENTE de ALBANERÍA e o EXPERTO-DOCENTE de HORTICULTURA E FLORICULTURA para o Obradoiro de Emprego “PAZO DE LIÑARES”.

**11.3.-** Acordouse aprobar a **BAIXA** no Servizo de Axuda no Fogar modalidade libre concorrencia por pasamento do usuario.

**11.4.-** Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade (subministro eléctrico) por importe de 147,21 € .

**11.5.-** Acordouse aprobar o informe técnico de avaliación en relación ás bases reguladoras do programa de transporte de estudantes e do proceso de concesión das bonificación para uso do mesmo durante o curso académico 2015/2016.

**11.6.-** Acordouse aprobar as liquidacións en concepto de prezo público pola prestación do servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Libre Concorrencia, correspondente ao mes de **AGOSTO de 2015**, recoñecer dereitos polo importe de **803,36 € con cargo ó concepto 341.00** do Presuposto Municipal vixente, e aprobar a liquidación



Secretaría Xeral

presentada pola concesionaria GALAUREA, S.L., que supón un importe líquido a pagar polo Concello de 5.395,50 €.

**11.7.- Acordouse aprobar as liquidacións en concepto de prezo público pola prestación do servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Dependencia, correspondente ao mes de AGOSTO de 2015, recoñecer dereitos polo importe de 6.070,25 € con cargo ó concepto 341.00 do Presuposto Municipal vixente e aprobar a liquidación presentada pola concesionaria GALAUREA, S.L., que supón un importe líquido a pagar polo Concello de 27.018,90 €.**

**11.8.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 352 €/mes (IVE incluído), con destino ó servizo docente para o desenvolvemento da Escola Deportiva Municipal de TAEKWONDO conforme ás características especificadas no orzamento que se achega a esta proposta e contratar con D. Ramón Domínguez Fernández a realización do servizo descrito polo período comprendido dende a data desta contratación ata a finalización da temporada 2015-2016 da Escola Deportiva, previsto para finais de xuño de 2016, con suxeición ó réxime dos contratos menores de servizos.**

**11.9.- Acordouse a prórroga do Convenio de colaboración entre o Concello de Lalín e Radio Ecça, de data setembro de 2012, por un ano máis.**


**11.10.- Acordouse a concesión da tarxeta de Estacionamento para persoas con minusvalía número 08/2015.**

**11.11.- Acordouse aprobar as contas xustificativas presentadas por varios beneficiarios en relación ás subvencións concedidas ao abeiro das *Bases reguladoras da concesión de subvencións para as festas parroquiais e actividades culturais e educativas para o ano 2015* e recoñecer a obriga a favor dos beneficiarios polos importes das subvencións concedidas pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o pasado día 10 de agosto de 2015.**

**11.12.- Acordouse autorizar a adscrición á licenza de taxi nº 5 do vehículo turismo marca VOLKSWAGEN, modelo JETTA, con número de bastidor WVVZZZ16ZFM046169, e matrícula 4111-JHW cunha capacidade total de 5 prazas e data de matriculación 08/09/2015.**

## **12.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

### **12.1.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN EXPTE. Nº 8052/15.**



**Acordouse OUTORGAR LICENZA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS** para a celebración dos eventos das festas parroquiais de Lalín 2015.

**12.2.-** Dáse conta do informe técnico emitido pola Traballadora Social e Coordinadora do SAF e da Asesora Xurídica de Benestar en relación co cambio do custe dos menús do Servizo do Programa “Xantar na Casa”.

**12.3.-** Dáse conta do escrito remitido pola **Directora da UNED en Pontevedra, de data 9 de setembro de 2015, número de rexistro de entrada 6061**, en relación a resolución do convenio entre dito Centro e o Concello de Lalín.

**12.4.-** Acordouse autorizar a **Cruz Roja Española o uso** da Aula Cemit para a realización de actividades durante os meses de outubro a decembro, os luns e mércores de 10:30 a 13:00 horas.

**12.5.-** Acordouse autorizar a instalación dunha barra enfronte do negocio sito na rúa B, núm. 39, baixo, Lalín, con motivo da celebración das Festas Patronais de 00,00 horas a 6:00 horas.


**12.6.-** Acordouse autorizar a instalación dunha barra na vía pública na rúa B, núm. 40, baixo, Lalín, con motivo da celebración das Festas Patronais de 00,00 horas a 6:00 horas.

**12.7.-** Acordouse autorizar a instalación dunha barra na vía pública na rúa B, núm. 33, baixo, Lalín, con motivo da celebración das Festas Patronais de 00,00 horas a 6:00 horas.


**12.8.-** Acordouse autorizar a instalación dunha barra na vía pública na rúa Praza da Igrexa, núm. 9, baixo, Lalín con motivo da celebración das Festas Patronais.

**12.9.-** Acordouse autorizar a instalación dunha barra na vía pública na rúa Principal, num. 28, baixo, Lalín con motivo da celebración das Festas Patronais.

**12.10.- Acordouse autorizar** a celebración dun evento acústico e ocio sen ánimo de lucro o venres día 18 de setembro de 2015 a partiras das 21:00 horas e o sábado día 19 de setembro de 2015 a partires das 17:00 horas e para a instalación dunha barra na vía pública na rúa Ramón Aller núm. 6, baixo, Lalín con motivo da celebración das Festas Patronais.







Lalínmcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

**12.11.- Acordouse autorizar a** utilización a Praza da Igrexa o día 18 de setembro de 2015 de 16:00 horas ás 19:00 horas para a realización de actividades do proxecto “Moradas do Vento” -Musicarte.

**12.12.-** Acordouse autorizar o uso da sala de prensa do Concello de Lalín o día 30 de setembro de 2015, con motivo da súa presentación como Asociación a **Asociación MEDRAR 2.0**.

**12.13.- Acordouse autorizar o uso** da pista de cemento do Pavillón Municipal os domingos 25/10/2015, 29/11/2015, 27/12/2015, 24/1/2016, 28/2/2016, 27/3/2015, 24/4/2016, 29/5/2016 e 19/6/2016 de 16:30 ás 20:00 para actividades que está proxectando levar a cabo a **Asociación MEDRAR 2.0**. como os “campionatos de pano” e onde se farán competicións de varios xogos tradicionais.

=====

